

## 1º EXERCICIO: PARTE COMÚN

### INSTRUCCIÓN:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio sobre o contido da parte común do programa, de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva, que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Común" entre os números C1 e C12, da "FOLLA DE RESPÓSTAS".
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de 15 minutos.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respóostas alternativas, sendo unha a correcta. As respóostas correctas sumarán 0,50 puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán 0,125 puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de respóosta que sinala na "FOLLA DE RESPÓOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respóostas elixidas, para non marcar unha respóosta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A respóosta correcta marcarase cun X ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha respóosta, o recadro da respóosta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.  
  
Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de respóosta.
- 8.- Ao rematar o seu exercicio, coloque este cuestionario no chan e espere as indicacións para realizar a continuación o seguinte exame, en unidade de acto. Cando finalice todos os exercicios deberá entregar a "FOLLA DE RESPÓOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folha autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: [www.sergas.es](http://www.sergas.es), logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS  
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPÓOSTAS  
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

**EXAME EN GALEGO**



1. Segundo o artigo 14.5 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, o custo das medidas relativas á seguridade e a saúde no traballo:

- A) Non deberá recaer nos empresarios.
- B) Recaerá nos traballadores e o empresario.
- C) Será asumido polo conxunto dos traballadores.
- D) Non deberá recaer de ningún xeito sobre os traballadores.

2. Segundo o artigo 11.1 do Estatuto de Autonomía de Galicia o Parlamento galego estará constituído:

- A) Por Deputados e Senadores elixidos por todos os españois.
- B) Por Deputados elixidos por sufraxio universal, igual, libre, directo e secreto.
- C) Por Deputados e Senadores elixidos por sufraxio universal, igual, libre, directo e secreto.
- D) Por Deputados elixidos por todos os españois.

3. O artigo 43.3 da Constitución Española di que:

- A) Os poderes públicos fomentarán a educación sanitaria, a educación nos colexios e nas universidades.
- B) Os poderes públicos fomentarán a educación en igualdade.
- C) Os poderes públicos fomentarán a educación de todos os españois.
- D) Os poderes públicos fomentarán a educación sanitaria, a educación física e o deporte.

4. Segundo o artigo 50 do Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde sempre que a duración dunha xornada exceda de seis horas continuadas, deberá establecerse un período de descanso durante a mesma:

- A) De duración non inferior a quince minutos.
- B) De duración mínima de trinta minutos.
- C) De duración máxima de trinta minutos.
- D) De duración dunha hora como máximo.

5. Segundo o artigo 92 da Lei de Saúde de Galicia o Servizo Galego de Saúde configúrase como:

- A) Unha fundación de interese xeral.
- B) Unha entidade privada.
- C) Un ente privado dotado de personalidade xurídica propia.
- D) Un organismo autónomo de natureza administrativa.

6. Segundo o artigo 3.2 da Lei 3/2001, do 28 de maio, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes, a prestación do consentimento informado é:

- A) Opcional para o paciente aínda que non reciba información por parte do médico.
- B) Voluntario para o paciente aínda que o médico non lle informe.
- C) Unha obrigaón do paciente e a súa obtención un deber do médico.
- D) Un dereito do paciente e a súa obtención un deber do médico.

**7. Segundo o artigo 31 da Lei de Saúde de Galicia, a quen corresponde a Dirección do Sistema Público de Saúde de Galicia?**

- A) A Consellería competente en materia de sanidade.
- B) Ao Parlamento Galego.
- C) Ao Presidente da Xunta de Galicia.
- D) Ao Ministerio de Sanidade.

**8. Segundo o artigo 10.7 da Lei Xeral de Sanidade todos teñen os seguintes dereitos con respecto ás distintas administracións públicas sanitarias:**

- A) A elixir un médico que será o seu interlocutor co equipo asistencial.
- B) A que se lle asigne un médico, do que non saberá a súa identidade, que será o seu interlocutor ocasional co equipo asistencial.
- C) A que se lle asigne un médico, cuxo nome daráselle a coñecer, que será o seu interlocutor principal co equipo asistencial.
- D) A designar un médico, cuxo nome daráselle a coñecer, que será o seu interlocutor ocasional co equipo asistencial.

**9. Segundo o artigo 23.2 do Decreto 206/2005, do 22 de xullo, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, a puntuación máxima da fase de concurso non poderá exceder do:**

- A) Trinta e cinco por cento da puntuación máxima atinxible no proceso selectivo.
- B) Corenta e cinco por cento da puntuación máxima atinxible no proceso selectivo.
- C) Cincuenta por cento da puntuación máxima atinxible no proceso selectivo.
- D) Corenta por cento da puntuación máxima atinxible no proceso selectivo.

**10. Segundo o artigo 42.1 do Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde as pagas extraordinarias:**

- A) Serán dúas ao ano e devindicaranse preferentemente nos meses de xullo e decembro.
- B) Serán dúas ao ano e devindicaranse preferentemente nos meses de xullo e novembro.
- C) Serán dúas ao ano e devindicaranse preferentemente nos meses de xuño e decembro.
- D) Serán tres ao ano e devindicaranse preferentemente nos meses de marzo, xullo e decembro.

#### Preguntas de reserva

**1. Segundo o artigo 38.1 da Lei Xeral de Sanidade a sanidade exterior e as relacións e acordos sanitarios internacionais:**

- A) Son competencia exclusiva das Comunidades Autónomas.
- B) Son competencia exclusiva do Estado.
- C) Son competencia exclusiva dos Municipios.
- D) Son competencia exclusiva das provincias.

**2. Segundo o artigo 96 da Lei de Saúde de Galicia será presidente ou presidenta do Servizo Galego de Saúde:**

- A) O Presidente da Xunta de Galicia.
- B) A persoa titular da Consellería de Sanidade.
- C) O Presidente do Parlamento Galego.
- D) A persoa titular do Ministerio de Sanidade.

